

**EXPOSICIÓN**



**ANIVERSARIO  
IES Alfredo Brañas  
e Colexio Fogar**

Comisario, textos, arquivo e documentación:

**Xan Fraga Rodríguez**

Promove:

**IES Alfredo Brañas**

Patrocina:

**Concello de Carballo**



**ANIVERSARIO IES  
Alfredo Brañas**





## ANIVERSARIO IES Alfredo Brañas e Colexio Fogar

Carballo, a pesar de ter un nivel considerábel de poboación en idade escolar (máis de 22.00 habitantes nos anos 60), tardaría moito en ter un instituto. Á marxe da capital da provincia non había en toda a costa que vai da Coruña a Fisterra un só instituto de bacharelato.

A educación en Carballo nos anos do franquismo estaba moi mal dotada tanto en infraestruturas escolares como en profesorado. Era difícil para a maioría da poboación poder acceder a estudos básicos, medios ou superiores. Varias xeracións non puideron estudar por falta de recursos.

Na Academia Colexio Leus (de Manuel Bello Pallas) impartíase tanto primaria como secundaria, cun réxime fortemente autoritario e represivo. Tamén se podía estudar na Academia Esteco (Estudios Técnicos Comerciais), creada por Ricardo Suárez ou na preceptoría de Sofán.

A chegada do instituto e o Colexio Fogar en 1970-71 suporía unha liberación. Sería unha innovación tanto pola formación do profesorado, en xeral cun novo talante progresista e humanista, como pola metodoloxía que incluía unha maior democratización do ensino.

En marzo de 1967, dentro da corporación municipal, creouse unha comisión presidida polo doutor Eduardo Mariño, concelleiro nese momento, para levar a cabo os trámites da concesión do instituto.

En 1968 o Concello cediu gratuitamente ao Ministerio de Educación uns terreos no Chorís co obxectivo de que se construira un instituto de Bacharelato.

Os terreos tiñan unha extensión de 12.000 m<sup>2</sup>. A edificación do instituto eran aproximadamente 6.000 m<sup>2</sup>. Constaba, ademais do Instituto, do Colexio Fogar con planta baixa e dous pisos (2.900 m<sup>2</sup>); de campo de fútbol (11.200 m<sup>2</sup>); campo de baloncesto (4.160 m<sup>2</sup>); frontón (460 m<sup>2</sup>); zona de recreo e xardíns (4.100 m<sup>2</sup>). Total do conxunto, 22.820 m<sup>2</sup>.

A capacidade do instituto é de máis de 1.300 alumnos, que chegou a ter en 1993. Un edificio moderno, funcional, acolledor.

Destaca un excelente salón de actos para máis de 500 persoas.



Instituto e campo de fútbol.



Colexio Fogar.

O autor do proxecto foi o arquitecto Antonio Román Conde (Vigo, 1909-1998), quen fixera a carreira en Barcelona e en cuxa ampla e diversa obra destaca a arquitectura escolar.

O custe da obra, segundo a adjudicación na subasta celebrada o 3 de decembro 1968, era de 18.119.173,05 pesetas. Adxudicada á empresa TERMAC S.A. de Madrid.

Todo o Complexo Escolar foi inaugurado en agosto de 1970 polo ministro de Educación Villar Palasí e coa presencia do director xeral de Educación Primaria Eugenio López, o rector da Universidade de Santiago, García Garrido, o alcalde Jacinto Amigo Lera e outras autoridades.



3º Bacharelato, 1970-71.



4º Bacharelato, 1970-71.



5º Bacharelato, 1970-71.

Por motivo de retraso nas obras finais, con suspensión de pagamentos pola empresa adjudicataria, o primeiro trimestre dese curso 1970-71 e parte do segundo (até o 5 de febreiro) funcionou no Colexio Fogar. A inauguración oficial do curso tivo lugar o 6 de outubro de 1970 ás sete da tarde.

O seu primeiro director foi Constantino Freire Llamas, subdirector José Manuel Vázquez Varela, xefa de Estudos Mari Luz Castaño Fernández e secretario José Villasuso Gato.

Xan Fraga.